

RESUMO EXECUTIVO.

1. XUSTIFICACIÓN E CONTIDO DO RESUMO EXECUTIVO.

O artigo 60.6. da LSG establece a necesidade de incorporar entre a documentación do plan xeral de ordenación municipal que se someta a información pública un resumo executivo.

Artigo 60. Procedemento para a aprobación do plan xeral de ordenación municipal

(...)

6. O concello, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

O contido do resumo executivo ven establecido no artigo 144.6 do RLSG

O resumo executivo conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) Os ámbitos en que a nova ordenación altere a vixente, cun plano da súa situación e indicación do alcance da dita alteración.

b) De ser o caso, os ámbitos en que se suspenda o outorgamento de licenzas e a tramitación doutros procedementos, indicando a duración da suspensión.

En base ao anterior e tendo en conta que as modificacións dos instrumentos de planeamento urbanístico, neste caso o PXOM, suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, fórmase o presente resumo executivo da modificación puntual nº 4 do PXOM de Coirós consistente na *Modificación das aliñacións das estradas provinciais nos núcleos rurais e outras alteracións no sistema viario*.

2. OBXECTIVO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.

O obxectivo principal da modificación puntual consiste na alteración das aliñacións dispostas actualmente para os treitos das estradas provinciais que discorren por solo de núcleo rural establecendo con carácter xeral unhas distancias maiores entre aliñacións conforme aos criterios xerais previamente establecidos de acordo co órgano competente da Administración titular destas estradas que é a Deputación de A Coruña.

A finalidade é que a Administración provincial recoñeza como treitos urbanos das estradas da súa titularidade no concello de Coirós, aqueles que discorren polo interior dos núcleos rurais. Como consecuencia deste recoñecemento non se establecerán zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación no interior dos núcleos rurais (artº 38.4 da Lei de estradas de Galicia) e polo tanto non será necesaria a autorización do ente provincial previa á obtención do título municipal habilitante de carácter urbanístico que proceda para a realización de obras e actividades fora da zona de dominio público.

Ademais deste obxectivo principal, na presente modificación fórmulanse outras cinco alteracións do PXOM referente á rede viaria establecida no plan xeral:

- a) Adaptar á realidade o trazado da estrada DP-0302 disposto na cartografía do PXOM e reaxustar as aliñacións no núcleo rural de Boqueixón.
- b) Eliminación dun vial previsto polo PXOM no núcleo rural de Castrillón que non se apoia en ningún camiño preexistente.
- c) Recoñecemento polo PXOM dun camiño público existente no núcleo rural de Parada e a súa cualificación como viario.
- d) Recoñecemento polo PXOM dun camiño público existente no núcleo rural de Coirós de Arriba (NR-00) e a súa cualificación como viario.
- e) Axuste do trazado dun vial existente no núcleo rural de Coirós de Arriba (NR-00) á realidade.

3. ÁMBITOS EN QUE A NOVA ORDENACIÓN ALTERA Á VIXENTE.

O ámbito de aplicación da modificación puntual nos que a nova ordenación altera ao do PXOM vixente refírese aos tramos das estradas de titularidade provincial que discorren polos núcleos rurais do municipio de Coirós que se representan nos planos de ordenación que se indican entre parénteses:

- DP-2701: Núcleos rurais de Coirós de Arriba (NR-00) e Coirós de Abaixo (NR-04).
- DP-2702: Núcleos rurais de Coirós de Arriba (NR-00), Espenuca (NR-05) e Combarro (NR-11).
- DP-2703: Núcleos rurais de Lapela (NR-06) Lesa (NR-08) e Figueiras (NR-09).
- DP-0301: Núcleos rurais de Castrillón (NR-12) e Xora (NR-14).
- DP-0302: Núcleo rural de Boqueixón (NR-15).

Por outra banda o ámbito das alteracións no viario que non afectan ás estradas provinciais localízanse nos planos que se indican a continuación:

- Adaptación do trazado da estrada DP-0302 á realidade (O-1.5) e nova formulación das aliñacións no núcleo rural de Boqueixón (NR-15).
- Eliminación dun vial previsto polo PXOM no núcleo rural de Castrillón (NR-12).
- Recoñecemento dun camiño público existente no núcleo rural de Parada (NR-12).
- Recoñecemento dun camiño público existente no núcleo rural de Coirós de Arriba (NR-00).
- Axuste dun vial existente no núcleo rural de Coirós de Arriba á realidade (NR-00).

4. DESCRICIÓN DO ESTADO ACTUAL.

O estado actual que presentan as aliñacións nas estradas cuxa titularidade corresponde á Deputación da Coruña nos núcleos polos que descorren parcialmente así como as outras alteracións referentes á rede viaria amósanse nos planos de información da modificación puntual.

A distancia entre aliñacións que establece o PXOM de Coirós nos treitos das estradas provinciais que descorren polos núcleos rurais afectados é con carácter xeral de 10 metros ou o que é o mesmo a 5,00 metros do eixo. Esta determinación do PXOM da lugar a problemas de dous tipos:

- a) De mobilidade e funcionamento: Cunha distancia entre aliñacións de 10 metros e unha rede de estradas que funciona en dobre sentido, resulta unha sección transversal con 7,00 metros de calzada (3,50 m por carril de circulación) e 3,00 metros para circulación de peóns que da lugar a

beirarrúas de 1,50 metros que non cumpren cos mínimos esixibles pola lexislación en materia de accesibilidade e sen posibilidade de prever zonas de aparcamento.

- b) De tipo legal: A Administración provincial, titular destas estradas non considera admisibles estas aliñacións nos núcleos para ser considerados como treitos urbanos os efectos do artigo 7 da LEG e 13 do RLEG o que da lugar a que nas autorizacións previas aos títulos habilitantes tanto no caso de novas edificacións e ampliacións destas, como para os cerramentos de parcelas e outros elementos construtivos se estableza a liña de edificación a unha distancia de 15 metros medidos ortogonalmente ás liñas de delimitación das calzadas, tal e como se establece con carácter xeral no artº 41.1. da LEG e 102.1. do RLEG para as estradas convencionais. Ocorre que nalgúns casos e debido ao escaso fondo dalgúns parcelas, esta liña de edificación mesmo supera a profundidade da mesma.

Coa presente modificación puntual do PXOM preténdese solucionar esta situación, fixando unhas aliñacións mais lóxicas de acordo coa Administración provincial tanto dende o punto de vista funcional como legal e así acadar o tratamento de treitos urbanos para as estradas provinciais que atravesan os núcleos rurais de Coirós.

Ademais do anterior existe un caso puntual que afecta ao núcleo rural de Boqueixón no que inicialmente non se prevía alterar as aliñacións establecidas no plan xeral, pero si corrixir un erro que consta nos planos de ordenación nos que se identifica o vial que atravesa este núcleo en dirección norte-sur coa estrada DP-0302 cando isto non é así. Finalmente e en base ao informe emitido pola DXPC durante a fase de consultas do procedemento de avaliación ambiental estratéxica, revisáronse as aliñacións no interior do núcleo coa finalidade de conservar as construcións tradicionais existentes.

O estado actual referente ás outras determinacións referentes ao sistema viario que se pretenden alterar son as seguintes:

- a) A vía que se pretende eliminar no núcleo rural de O Castrillón (NR-12) correspóndese cun vial de novo trazado que enlazaría a estrada DP-0301 cunha pista municipal situada o sueste e que realmente non corresponde á regularización de ningún vial existente e ademais resulta totalmente innecesario, tal e como veremos a continuación.
- b) Nos outros tres casos trátase de adaptar o trazado de dous viais existentes nos núcleos rurais de Coirós de Arriba e Parada á realidade fixando as aliñacións correspondentes.

5. DESCRICIÓN DAS ALTERACIÓNS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

No presente apartado imos a describir un pouco mais polo miúdo cada unha das alteracións que se formulan referentes ao sistema viario.

5.1. ALTERACIÓNS NAS ALIÑACIÓNS DAS ESTRADAS DA DEPUTACIÓN NOS NÚCLEOS RURAIS.

Propónse con carácter xeral unha distancia entre aliñacións de 16 metros que se corresponderá sempre que sexa posible a 8,00 m o eixo. Con esta previsión a sección transversal podería formularse con 7,00 metros de calzada, dobre banda de aparcadoiro en liña ou aparcadoiro a unha banda e carril bici na outra, de 2,20 metros de anchura e zonas para tránsito de peóns de 2,30 metros a cada lado.

Mesmo se poden formular outras combinacións para dispor bandas de vexetación ou arboredo se se considera oportuno.

Esta sección transversal que se proxecta con carácter xeral verase alterada en zonas puntuais pola existencia de edificacións consolidadas nas marxes da estrada que se corresponden en moitos casos coas zonas tradicionais dos núcleos rurais que no PXOM de Coirós cualifícanse como “solo de núcleo rural denso” (D), así como no caso da existencia de elementos de interese que configuran as aliñacións existentes tales como edificacións tradicionais, muros e valos tradicionais ou outros elementos de interese etnolóxico (hórreos, muiños, canles, fontes, cómaros, ringleiras de árbores autóctonos,...). Nestes caso de ser necesaria a ampliación puntual do viario por causas xustificadas os muros tradicionais afectados desprazaranse á nova posición.



Aliñacións consolidadas por edificación e muro tradicional existentes catalogados no núcleo de Xora



Aliñacións consolidadas por edificacións tradicionais catalogadas nos núcleos rurais de Lesa e Combarro

O detalle das novas aliñacións que se amosan nos planos de ordenación dos diferentes núcleos achéganse de modo resumido no seguinte cadro:

ESTRADA	NÚCLEO	PLANO	DISTANCIA ENTRE ALIÑACIÓNS	
			ESTADO ACTUAL	ESTADO MODIFICADO
DP-2701	COIRÓS DE ARRIBA	NR-00	10,00 metros entre aliñacións (5,00 metros o eixo)	16 metros/ 8m. eixo.
	COIRÓS DE ABAIXO	NR-04		Existente en finca hórreo catalogado (C-23)
				16 metros/ 8m. eixo

				Existentes en zona consolidada (D) e no muro de cerramento da parcela da Casa Reitoral (C-05).
DP-2702	COIRÓS DE ARRIBA	NR-00		8 m. eixo. O outro marxe é solo rústico
	ESPENUCA	NR-05		16 metros/ 8m. eixo Existentes en zona consolidada ao norte (D).
	COMBARRO	NR-11		16 metros/ 8m. eixo Existentes en zona consolidada polas edificacións en Cortiña de Arriba.
DP-2703	LAPELA	NR-06		8 m. eixo. O outro marxe é solo rústico
	LESA	NR-08		16 metros/ 8m. eixo con estreitamento puntual na zona norte coincidente cun grupo de edificacións tradicionais incorporadas ao Catálogo (C-27).
	FIGUEIRAS	NR-09		8 m. eixo. O outro marxe é solo rústico. Estremo NE axústase a edificacións existentes.
DP-0301	CASTRILLÓN	NR-12		16 metros/ 8m. eixo Estreitamentos puntuais en zonas de edificacións tradicionais existentes.
	XORA	NR-14		16 metros/ 8m. eixo Existentes en zona central do núcleo consolidada por edificacións tradicionais existentes e mesmo incluídas no Catálogo (C-30 e C-31).
DP-0302	BOQUEIXÓN	NR-15		Aliñacións axustadas ás edificacións tradicionais. A estrada provincial non pasa polo núcleo rural.

5.2. ADAPTAR Á REALIDADE O TRAZADO DA ESTRADA DP-0302 E REAXUSTAR AS ALIÑACIÓNS NO NÚCLEO RURAL DE BOQUEIXÓN.

Segundo o plano O-1.5 a escala 1:5000 do plan xeral vixente a estrada DP-0302 atravesa o núcleo rural de Boqueixón (NR-15) en dirección norte-sur continuando posteriormente polo concello de Aranga. A realidade é que esa vía provincial desvíase cara o leste antes de chegar ao núcleo rural, tal e como se indica no plano O-1.5 da modificación puntual.

Como consecuencia do anterior e seguindo as observacións do informe de consultas da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) emitido no procedemento de avaliación ambiental estratéxica, modificáronse as aliñacións a fin de salvagardar as edificacións tradicionais existentes nese núcleo.



Aliñacións consolidadas por edificacións tradicionais nos núcleo rural de Boqueixón

5.3. ELIMINACIÓN DUN VIAL DE NOVO TRAZADO PREVISTO POLO PXOM NO NR DE CASTRILLÓN.

Tal e como se pode apreciar no plano de información correspondente ao núcleo rural de Castrillón (NR-12) o plan xeral prevé un vial de novo trazado que comunica a estrada DP-0301 cunha vía municipal situada o sueste que parte da N-VI. Esta vía foi aberta parcialmente no seu tramo inicial dende a estrada provincial para dotar de acceso exclusivo a un Centro da Terceira Idade de carácter privado construído en torno a o ano 2008 actualmente en funcionamento, sen darlle continuidade ata a pista municipal existente o sueste.




Acceso DP-0301 a Centro Terceira Idade



Zona vial previsto no PXOM- zona SE

O concello de Coirós entende que esta vía resulta innecesaria debido a que tal e como se pode apreciar no esquema que se acompaña, tanto a parcela na que se sitúa o Centro da Terceira Idade destacada en cor vermello, como o resto das parcelas afectadas por esta vía de novo trazado sinaladas en cor azul, xa contan con acceso dende vías existentes. Por outra banda e por tratarse de terreos destinados a sistema local viario en solo de núcleo rural a súa obtención teríase que realizar por algún dos sistemas previstos no artigo 129.1. da LSG e 315.1. do RLSG, aspecto que non se prevé no PXOM vixente. Debido a anterior a presente modificación puntual proxecta a súa eliminación.



5.4. ADAPTACIÓN DE VIAIS EXISTENTES NOS NÚCLEOS RURAIS DE COIRÓS DE ARRIBA E PARADA Á REALIDADE.


Neste caso trátase tan só de adaptar as determinacións establecidas no PXOM para tres viais situados nos núcleos rurais da Coirós de Arriba e Parada á realidade.

5.4.1.- AXUSTE DO TRAZADO DUN VIAL EXISTENTE EN COIRÓS DE ARRIBA Á REALIDADE.


No caso de Coirós de arriba o PXOM prevé o trazado dunha vía que da continuidade a un rueiro existente na zona tradicional do núcleo cara o leste ata enlazar cun camiño que bordea un ámbito de solo rústico apto para urbanizar (SRAU). Tal e como consta nos planos de información este vial presenta un trazado lixeiramente oblicuo respecto do que bordea o SRAU.

Na realidade e tal e como se pode apreciar na ortofotografía que se acompaña o vial mencionado abriuse en perpendicular ao que bordea o SRAU. O que se pretende por medio da presente modificación puntual é adaptar o trazado do plan xeral á realidade.






Trazado do vial no PXOM




Trazado proposto na M.P.

5.4.2. RECOÑECEMENTO DUN CAMIÑO EXISTENTE NO NÚCLEO RURAL DE PARADA.

No núcleo rural de Parada (NR-12), existe un camiño que parte da N-VI que descorre entre muros existentes. Este camiño non conta con aliñacións nos planos de ordenación e trátase de corrixir este erro establecendo como aliñacións as existentes delimitadas polos muros das parcelas lindeiras



Estrato do plano NR-12 do PXOM




Proposta da M.P.

5.4.3. RECOÑECEMENTO DUN CAMIÑO EXISTENTE NO NÚCLEO RURAL DE COIRÓS DE ARRIBA.

O igual que no caso do núcleo rural de Parada, trátase de establecer as aliñacións dun camiño público existente na zona suroeste do núcleo rural de Coirós de Arriba, que ten continuidade polo solo rústico. As aliñacións fíxanse a 4,00 metros do eixo da vía existente.



Vista do acceso o camiño desde o núcleo rural de Coirós de Arriba



Estrato do plano NR-00 do PXOM



Proposta da M.P.


6. ÁMBITO DE SUSPENSIÓN DO OUTORGAMENTO DE LICENZAS.

Os ámbitos afectados pola modificación da ordenación urbanística vixente coinciden con aqueles nos que se modifican as aliñacións ou se ven afectados por novos trazados viarios que se describen nos apartados precedentes, polo tanto, as áreas afectada pola suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas coincidirá con eses ámbitos.

De acordo co establecido nos artigos 47.2. da LSG e 86.2 do RLSG esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos, contados desde a aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva da modificación puntual.

A suspensión afectará ás licenzas de parcelación, edificación e demolición, de acordo co disposto no artigo 86.3. do RLSG esta suspensión non afectará a:

- a) As obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- b) Ás licenzas de primeira ocupación.
- c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación deste, sempre que esta fose aprobada inicialmente.
- d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.



REDE DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA O SEU PASO POLO TERMO MUNICIPAL DE COIRÓS	
REDE PRIMARIA PROVINCIAL	
	DP-0301 - PARADA A CONGOSTRO POR PUENTE ARANDA
	DP-0302 - TEIXEIRO A FALCONA
REDE SECUNDARIA PROVINCIAL	
	DP-2701 - COIRÓS A COIRÓS DE ABAIXO
	DP-2702 - CHAS A SANTA MARÍA DE OIS E ACCESO A ESPENUCA
	DP-2703 - FIGUEIRA A PONTE DOS CABALOS



AMBITOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

ARQUITECTOS
ALFREDO GARROTE PAZOS
 COLEX. N° 1440

MONICA MESEJO CONDE
 COLEX. N° 1475

PROXECTO: MODIFICACIÓN PUNTUAL MP-N° 4 DO PXOM DE COIRÓS: MODIFICACIÓN DAS ALIARIAS DAS ESTRADAS PROVINCIAIS NOS NÚCLEOS RURAIS E OUTRAS ALTERAÇÕES NO SISTEMA VIARIO.
 PROMOTOR: CONCELLO DE COIRÓS
 SITUACIÓN: CONCELLO DE COIRÓS
 PLANO: ESTADO MODIFICADO
 REDE DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO TERMO MUNICIPAL DE COIRÓS

REFERENCIA: **7059/18**
 DATA: NOVIEMBRO - 2019
 ESCALA: 1:25.000
 PARROQUIA: NUCLEO:

DOCUMENTO APROBACIÓN INICIAL

0-01
 PLANOS DE ORDENACIÓN

APROBADO INICIALMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE COIRÓS O 12/03/2020